

ANEXO I

TÁBOA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS DE NIVEL C1

NOME: _____ **Gravadora:** _____ **Pista:** _____ **Ficha:** _____

Puntuación: _____ / 25

Administrador/a: _____ **Avaliador/a:** _____

DATA: _____

EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
TAREFA 1	TAREFA 2			
<p>5 puntos Describe o tema principal de forma elaborada, integra subtemas e remata cunha conclusión eficaz. Organiza a intervención dunha forma lóxica e eficaz que axuda a fixarse nas ideas importantes e lembralas, con detalles e exemplos relevantes. Usa unha ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión axeitadamente. Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural.</p>	<p>5 puntos Trata o tema principal de forma precisa, resaltando matices e utilizando os textos como referencia. Expón a súa postura argumentando e contraargumentando de forma clara, ben organizada e convincente. Relaciona habilmente e con naturalidade a súa contribución coa dos interlocutores. Introduce as súas intervencións con naturalidade, facendo un uso eficaz da quenda de palabra. Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural.</p>	<p>2,5 puntos Exprésase con moita fluidez e espontaneidade, sen esforzo ningún. Pronuncia de forma clara e moi natural. Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado.</p>	<p>2,5 puntos Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. Exprésase con corrección e case non presenta erros.</p>	<p>2,5 puntos Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, case sen incorreccións. Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade, transmitindo diferentes matices de significado. Utiliza axeitadamente expresións fixas ou idiomáticas.</p>
4 puntos	4 puntos	2 puntos	2 puntos	2 puntos
<p>3 puntos Describe o tema principal de forma detallada, integra subtemas e remata cunha conclusión adecuada. Desenvolve as súas ideas, destacando aspectos importantes e apoiando os seus argumentos con detalles e exemplos relevantes. Usa estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de maneira apropiada. Adopta un nivel de formalidade axeitado.</p>	<p>3 puntos Trata o tema principal de forma detallada, utilizando os textos como referencia. Expón a súa postura, responde a preguntas e comentarios e contraargumenta adecuadamente. Relaciona habilmente a súa contribución coa dos interlocutores. Introduce as súas intervencións de forma apropiada co fin de tomar a palabra ou gañar tempo para mantela mentres pensa. Adopta un nivel de formalidade axeitado.</p>	<p>1,5 puntos Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo. Pronuncia de forma clara e natural. Varía a entoación e a énfase para matizar o que quere dicir.</p>	<p>1,5 puntos Emprega unha variedade de recursos e estruturas morfosintácticas complexas. Presenta escasas incorreccións e, xeralmente, corríxeas cando aparecen.</p>	<p>1,5 puntos Usa con naturalidade un repertorio léxico amplo e preciso, aínda que presente incorreccións esporádicas. Supera con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios; apenas se nota que busca expresións ou que emprega estratexias de evitación.</p>
2 puntos	2 puntos	1 punto	1 punto	1 punto
<p>1 punto Describe o tema principal só de forma xeral. Expón as ideas de forma imprecisa ou pouco organizada. Usa un número limitado de mecanismos de cohesión. Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral.</p>	<p>1 punto Trata o tema principal de forma xeral, utilizando só algún dos textos como referencia. Dá a súa opinión e xustifícaa de forma imprecisa. Apenas se refire ás contribucións dos interlocutores. Inicia e mantén as intervencións con dificultade. Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral.</p>	<p>0,5 puntos Exprésase con certa fluidez, aínda que con algunha pausa longa. Pronuncia de forma clara en xeral. Apenas varía a entoación.</p>	<p>0,5 puntos Usa recursos e estruturas morfosintácticas sinxelas. Comete erros que só corríxe ocasionalmente.</p>	<p>0,5 puntos Usa un léxico bastante amplo sobre temas xerais, con incorreccións. Presenta vacilacións ou circunloquios debido ás súas deficiencias léxicas, aínda que non dificultan a comunicación.</p>
0	0	0	0	0
<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>
Tarefa 1: _____ /5	Tarefa 2: _____ /5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5

	EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN	FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
T A R E F A 1				
T A R E F A 2				

ANEXO III

TÁBOA DE AVALIACIÓN DA PRODUCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS DE NIVEL C1

NOME: _____

PUNTUACIÓN: _____ /25

Avaliador/a 1: _____ Avaliador/a 2: _____

EFICACIA COMUNICATIVA	ADECUACIÓN	ORGANIZACIÓN E COHESIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
<p>2,5 puntos Desenvolve os puntos con precisión. Destaca as ideas máis importantes, integra subtemas e pequenos matices, de forma que axuda a fixarse no esencial. Expón as súas ideas de forma clara e convincente, apoiándoas con detalles e exemplos relevantes.</p>	<p>2,5 puntos O estilo é convincente e natural. O rexistro é axeitado e natural. O formato axústase á tipoloxía de texto. A extensión é adecuada.</p>	<p>2,5 puntos Utiliza estruturas organizativas apropiadas e eficaces. Fai un uso correcto, variado e amplo de conectores e outros mecanismos de cohesión. Presenta unha distribución en parágrafos lóxica e eficaz, que axuda á comprensión. Fai un uso axeitado da puntuación.</p>	<p>2,5 puntos Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. Exprésase con corrección e case non presenta erros.</p>	<p>2,5 puntos Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, case sen incorreccións. Exprésase sen limitacións, transmitindo diferentes matices de significado. Utiliza axeitadamente expresións fixas ou idiomáticas.</p>
2 puntos	2 puntos	2 puntos	2 puntos	2 puntos
<p>1,5 puntos Desenvolve parcialmente os puntos con contido axeitado. Destaca as ideas máis importantes, integra subtemas e remata cunha conclusión adecuada. Expón as súas ideas de forma clara, apoiándoas con detalles ou exemplos relevantes.</p>	<p>1,5 puntos O estilo é natural. O rexistro é axeitado. O formato axústase á tipoloxía de texto. A extensión é adecuada.</p>	<p>1,5 puntos Utiliza estruturas organizativas eficaces. Fai un uso correcto e variado de conectores e outros mecanismos de cohesión. Presenta unha distribución en parágrafos eficaz. Fai un uso axeitado da puntuación, con descoidos.</p>	<p>1,5 puntos Emprega unha variedade de recursos e estruturas morfosintácticas complexas. Exprésase con corrección, aínda que presente erros esporádicos.</p>	<p>1,5 puntos Usa un repertorio léxico amplo e preciso, sen apenas limitacións. Exprésase con eficacia e naturalidade, aínda que presente incorreccións esporádicas.</p>
1 punto	1 punto	1 punto	1 punto	1 punto
<p>0,5 puntos Non desenvolve todos os puntos. Expón as ideas principais só de forma xeral ou pouco clara.</p>	<p>0,5 puntos Non se axusta á extensión requirida ($\pm 15\%$). OU O rexistro é, ocasionalmente, pouco axeitado. O formato non é adecuado.</p>	<p>0,5 puntos Presenta problemas de estrutura organizativa. Emprega un número limitado de conectores e mecanismos de cohesión. Organiza os parágrafos de forma pouco eficaz. Fai un uso pouco axeitado da puntuación.</p>	<p>0,5 puntos Usa recursos e estruturas morfosintácticas sinxelas. Presenta erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.</p>	<p>0,5 puntos Usa un repertorio léxico bastante amplo e preciso sobre temas xerais, con incorreccións. Presenta algunha deficiencia léxica.</p>
0	0	0	0	0
<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>
<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>

	EFICACIA COMUNICATIVA	ADECUACIÓN	ORGANIZACIÓN E COHESIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
T A R E F A 1					
T A R E F A 2					

ANEXO V

TÁBOA PARA A AVALIACIÓN DA MEDIACIÓN ORAL E ESCRITA

NOME: _____	
Avaliador/a 1: _____	Avaliador/a 2: _____
NIVEL: <input type="checkbox"/> B1 <input type="checkbox"/> B2 <input type="checkbox"/> C1 <input type="checkbox"/> C2	DATA: _____
MEDIACIÓN: <input type="checkbox"/> Oral <input type="checkbox"/> Escrita	
Gravadora: _____	Pista: _____ Ficha: _____
Puntuación: _____ / 12,5	

MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA
12,5 puntos
Cumpre con eficacia o propósito comunicativo. Selecciona e transmite con claridade as ideas xerais e os detalles relevantes do/s texto/s fonte. Facilítalle a comprensión da información á persoa destinataria. Emprega unha linguaxe que se axusta de xeito consistente ás necesidades da persoa destinataria.
10 puntos*
7,5 puntos
Cumpre con suficiencia o propósito comunicativo. Selecciona e transmite a información básica e/ou as ideas xerais do/s texto/s fonte. Intenta facilitarlle a comprensión da información á persoa destinataria. Emprega unha linguaxe que se axusta en xeral ás necesidades da persoa destinataria.
5 puntos*
2,5 puntos
Non cumpre o propósito comunicativo. Transmite unicamente información innecesaria, irrelevante e incompleta. Dificulta ou impide a comprensión da información. Emprega unha linguaxe inadecuada para o contexto e/ou a persoa destinataria.
0
Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.

*Esta puntuación outorgárase cando a produción comparta descritores da banda superior e inferior.

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS